

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN DE DANO CEREBRAL DE COMPOSTELA PARA A POSTA EN MARCHA DUN PROGRAMA ESPECIALIZADO DE TRANSPORTE ADAPTADO DESTINADO A PERSOAS CON DANO CEREBRAL GRAVE RESIDENTES NO RURAL NO EXERCICIO 2025

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Persoas con Discapacidade

#### **DECLARA:**

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coa Asociación de Dano Cerebral de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2025. Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2025 sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración por parte da Consellería de Política Social e Igualdade coa Asociación Dano Cerebral de Compostela a través da concesión directa dunha subvención destinada ao financiamento dos gastos derivados da posta en marcha dun servizo especializado de transporte adaptado de carácter extraordinario destinado a persoas con dano cerebral grave residentes no rural que reciben servizos de atención diúrna terapéutica na Asociación Dano Cerebral de Compostela

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

A Asociación Dano Cerebral de Compostela atende a persoas no Servizo de Atención Diúrna Terapéutica, que acuden dende concellos limítrofes a Santiago de Compostela, na maioría rurais. Para a asistencia e participación plena destas persoas, o transporte é un servizo esencial de accesibilidade, recoñecido pola normativa estatal e autonómica. A xustificación deste convenio vén motivada pola necesidade de dispor dun servizo de transporte adaptado especializado e de carácter extraordinario cuxa posta en marcha se fundamenta en factores territoriais e sociais que pretenden corrixir as desigualdades existentes no acceso aos servizos sociais esenciais.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

A directora xeral de Persoas con Discapacidade

Begoña Abeijón Fernández

